


PLAN DE ACOLLIDA

CURSO 2020-2021



**CEIP DE POUSADA CARCACÍA
(PADRÓN)**



ÍNDICE

I. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO	3
II. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.....	5
III. ACCIÓNS FORMATIVAS EN COMPETENCIA DIXITAL	8
IV.ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS.....	9
V. INFORMACIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA NO PERÍODO PREVIO AO COMEZO DO CURSO ESCOLAR	11
VI.ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN ED. INFANTIL....	12
VII. ACCIÓNS PRIORITARIAS NOS PRIMEIROS DÍAS DO CURSO.....	13





I. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO


O CEIP de Pousada Carcacía está conformado neste curso escolar por 1 so grupo estable de convivencia. Atendendo ao Plan de adaptación á situación COVID-19 é preciso concretar unha serie de cambios e modificacións temporais nas normas de organización e funcionamento.

ASPECTOS	NORMAS DE FUNCIONAMENTO CURSO 2020/2021
ENTRADAS	<p>A entrada realizase en dúas quendas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 9:10 - 9:20 en primeiro lugar incorpórase o alumnado que utiliza o transporte escolar. • 9:20 - 9:30 de maneira progresiva neste intervalo de tempo vaise incorporando o alumnado con acompañante.
SAÍDAS	<p>A saída realízase tamén en dúas quendas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 14:30: os acompañantes que agarden á saída do alumnado deberá permanecer fóra do recinto escolar e deberán facer uso de maneira obrigatoria de máscara. O alumnado sairá de 1 en 1 do centro escolar cando sexa chamado pola profesora de garda para ser recollido polo acompañante. • 14:45 -14:55: o alumnado transportado sairá do centro escolar de maneira ordenada en fila con máscara.
ACOMPÑANTE NAS ENTRADAS E SAÍDAS	<ul style="list-style-type: none"> • De forma habitual o acompañante quedará no exterior do enreixado do centro escolar (fóra do recinto escolar). • O acompañante non accederá ao centro escolar, so poderá achegarse, se fose preciso so co alumnado de Ed. Infantil, á entrada do centro (con máscara) pero agardando detrás do espazo indicado coa banda de distancia de seguridade.
CIRCULACIÓN NO CENTRO ESCOLAR	<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado entrará ao centro utilizando a folla dereita da porta e circulará pola parte dereita do corredor e a saída farase pola folla esquerda da porta circulando pola parte esquerda do corredor.





CAMBIO DE AULA	<ul style="list-style-type: none">• Aula: dadas as características do noso centro o grupo estable de convivencia permanecerá habitualmente na aula.• Biblioteca escolar: ademais da súa función (atendendo ao Protocolo de Biblioteca) será tamén utilizada para realizar desdobramentos de Inglés Ed. Infantil /Inglés Ed. Primaria, Relixión/Valores e sesións coa especialista de Audición e Linguaxe
HORARIO DE RECREO	<ul style="list-style-type: none">• Dadas as características do noso centro, o grupo estable convivencia terá un so horario de recreo de 12:00h a 12:30h





II. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

As medidas adoptadas de prevención, hixiene e protección no Plan de adaptación á situación COVID-19 deben ser asumidas pola nosa comunidade educativa.

A **responsabilidade** (individual de cada unha das persoas da na nosa escola e **colectiva** de toda a nosa comunidade educativa) debe ser a actuación preventiva máis relevante coa que podemos minimizar a posibilidade de contaxio no grupo estable de convivencia conformado no CEIP de Pousada Carcacía .

ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

PREVENCIÓN

En relación ao profesorado:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa COVID.
- Uso de máscara durante toda a xornada lectiva en todos os espazos.

En relación ás familias:

- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as á escola (mediante declaración responsable) se presentan algúns dos síntomas compatibles coa COVID-19. Deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

En relación ao alumnado:

- Uso de máscara
- Lavado de mans

En relación aos espazos e materiais

- A primeira ventilación do día realizarase 15 minutos antes da entrada do alumnado e será realizada pola responsable do centro.
- Ventilación durante os recreos.
- O resto de mañá a ventilación será responsabilidade do profesorado que antes de cada cambio de sesión deberá facer a ventilación e rexistrala no modelo de checklist.
- Ventilación ao finalizar as clases.

En relación á comunidade educativa:

- Todas as persoas da nosa comunidade educativa deben usar preferentemente os medios telemáticos coa finalidade de achegarse ao centro coa mínima frecuencia posible coa finalidade de preservar ao grupo estable de convivencia conformado polo alumnado e profesorado.





PREVENCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> No caso de que calquera persoa da comunidade educativa teña que achegarse ao centro atendendo a una circunstancia excepcional debe usar máscara, utilizar xel hidroalcolico e manter as medidas de distanciamento social. <p>En relación á administración:</p> <ul style="list-style-type: none"> O Concello de Padrón debe atender adecuadamente as necesidades de limpeza e desinfección do centro escolar atendendo á normativa vixente: limpeza de baños pola mañá e limpeza de todo o centro escolar pola tarde.
HIXIENE	<p>Hixiene e desinfección da escola polo servizo de limpeza do Concello de Padrón:</p> <ul style="list-style-type: none"> O Concello de Padrón debe reforzar o servizo de limpeza e desinfección. Deberán realizarse a desinfeccións dos baños dúas veces pola mañá. Facer limpeza e desinfección da aula, biblioteca e espazos comúns pola tarde. Realizar a ventilación correcta no servizo de limpeza da tarde. <p>Hixiene en relación ao profesorado:</p> <ul style="list-style-type: none"> Cada profesora disporá dunha dotación de material de hixiene e desinfección para o seu uso individual. Cada profesora responsabilizarase da hixiene e limpeza da súa mesa e cadeira, así como da limpeza do material de uso común que teña utilizado na aula/biblioteca/sa teclado, pantalla, mando EDI, ordenadores e impresora. Cada profesora disporá do seu kit persoal de hixiene e desinfección. <p>O equipamento estará composto por:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ panos desbotables ✓ solución desinfectante ✓ xel hidroalcolico <p>Hixiene en relación ao alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> O lavado de mans realizarase con moita frecuencia coa finalidade de consolidar este hábito entre o alumnado e afianzar a necesidade de utilizar o lavado de mans coma unha rutina prioritaria e moi necesaria para evitar contaxios. Realizarase o lavado de mans, cando menos: <ul style="list-style-type: none"> ✓ a primeira hora no momento de entrada ✓ no cambio de sesión cando se produza cambio aula/biblioteca ✓ despois da utilización de determinados materiais: pegamento ,pintura... ✓ antes e despois da merenda ✓ despois de entrar do recreo ✓ despois de usar o aseo ✓ antes de saír do centro escolar O lavado de mans realizarase con auga e xabón. O secado de mans con papel desbotable Non haberá xel hidroalcolico no aseo do alumnado. O xel hidroalcolico situarase na aula/biblioteca nun lugar alto non accesible ao alumnado. O alumnado deberá dquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado.





<p>HIXIENE</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca. • Aprender a manipular correctamente as máscaras <p>En relación ao espazo e materiais</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ventilación frecuente • Limpeza/desinfección dos materiais de uso común empregados entre cada sesión. <p>En relación á comunidade educativa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • No caso de que calquera persoa da comunidade educativa teña que achegarse ao centro atendendo a una circunstancia excepcional debe usar máscara, utilizar xel hidroalcolico e manter as medidas de distanciamento social.
<p>PROTECCIÓN</p>	<p>Uso da máscara</p> <ul style="list-style-type: none"> • O uso da máscara para todo o alumnado, persoal do centro e outras persoas que accedan ao centro é a medida básica de protección individual e colectiva. <p>Profesorado:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O profesorado do centro e o profesorado adscrito itinerante deberá facer uso da máscara durante todo o período de permanencia no centro escolar. Pode utilizarse se é considerado pertinente o uso de visera protectora. <p>Alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Para o alumnado de 1º e 2º curso de Primaria é obrigatorio o uso de máscara durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro aínda que se cumpra a distancia de seguridade. • A imposibilidade do uso da máscara (por algunha enfermidade, dificultade respiratoria, discapacidade...) debe ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a. • Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio así como un estoxo específico para gardala en caso necesario (como por exemplo durante a merenda, nas sesións de Ed. Física...) • Para o alumnado de Ed. Infantil recoméndase o seu uso e sempre que sexa posible e exista boa tolerancia. Co alumnado de 3 anos flexibilizarase o uso da máscara. • No transporte escolar levarase posta a máscara durante todo o traxecto. <p>Familias e persoas alleas ao centro escolar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Para os acompañantes do alumnado, aínda que non accedan ao centro escolar, será obrigatorio o uso da máscara. • Tamén será obrigatorio para todas as persoas que se acheguen ao centro escolar aínda que non accedan ao mesmo. <p>En relación ao profesorado.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Utilización do hidroxel. • Utilización de máscara • Utilización de visera (no caso de que as actividades a realizar o requiran) <p>En relación ao alumnado:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lavado de mans • Uso da máscara





III. ACCIÓNS FORMATIVAS EN COMPETENCIA DIXITAL

O curso pasado durante o período de confinamento por mor da pandemia COVID-19 puxemos en funcionamento a aula virtual para o alumnado de Ed. Primaria. Neste curso 2020/2021 adoptaranse as seguintes actuacións en relación as acción formativas en competencia dixital.

ACCIÓNS FORMATIVAS EN COMPETENCIA DIXITAL	
PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> • Solicitar curso de formación "Aproveitamento didáctico das ferramentas institucionais para o ensino mixto" • Actualización dos cursos da aula virtual • Incorporación dun curso na aula virtual "Plan de Acollida" para abordar aspectos de hixiene e prevención co alumnado en relación a COVID-19 • Preparación de pequenas guías ou video titoriais sobre os diferentes recursos telemáticos para as familias. • Utilización dos diferentes recursos telemáticos: <ul style="list-style-type: none"> ➢ Correo ➢ Abalarmóbil ➢ Páxina web ➢ Videoconferencias
ALUMNADO ED. PRIMARIA	<ul style="list-style-type: none"> • Adquirir autonomía para acceder a aula virtual co seu usuario e contrasinal. • Acceder cursos na aula virtual. • Realizar as actividades na aula virtual • Realizar o traballo en Snappet en tabletas de uso individual.
ALUMNADO INFANTIL E PRIMARIA	<ul style="list-style-type: none"> • Acceder ao curso "Plan de Acollida" da aula virtual. • Utilización autónoma e realización de actividades tableta, ordenador
FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> • Utilización de videos titoriais ou guías en relación a: <ul style="list-style-type: none"> ➢ Acceso da aula virtual ➢ Axuda ao alumnado na realización, visualización de tarefas ➢ Envío de tarefas na aula virtual • Emprego das diferentes ferramentas dixitais: <ul style="list-style-type: none"> ➢ Correo ➢ Abalarmóbil ➢ Páxina web ➢ Cisco Webs Meeting





IV. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS

Neste curso escolar toda a comunidade educativa debe comprender, atendendo á situación provocada pola pandemia COVID-19, que na volta á actividade lectiva o obxectivo prioritario ten que ser:

*"A saúde e o benestar emocional
de todas as persoas da nosa comunidade educativa "*

Recollemos do "Programa psicoeducativo para a post-emerxencia en centros educativos de Ed. Infantil e Primaria" elaborado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia as súas interesantes reflexións e propostas:

"A catástrofe global da COVID-19, á que nos enfrontamos, implica unha dor e un impacto intensos non só en persoas e familias (seres queridos enfermos) senón tamén no grupo e na comunidade" (páxina 3)

"As especificidades desta catástrofe con respecto a outras son as seguintes:

A súa duración é máis longa con incerteza respecto ao pico. Noutras emerxencias hai INICIO-EXPLOSIÓN-RECUPERACIÓN DA NORMALIDADE. Aquí hai estrés acumulativo porque a situación dura semanas, meses.

A ameaza é invisible, o virus non se ve a simple vista. É algo sobre o que non temos, aparentemente, control.

Toda a comunidade está exposta.

O confinamento modifica as dinámicas de relación entre as persoas e as familias. Os dós polas perdas non os podemos vivir como habitualmente fariamos." (páxina 3)

"As características especiais deste desastre global teñen un impacto na saúde das persoas, debido á exposición continuada e acumulativa a eventos traumáticos, situación que está xerando unha maior vulnerabilidade ao estrés. Isto eleva o risco de desenvolvemento de TEPT (trastorno posestrés pos-traumático) e doutro tipo de sintomatoloxía asociada"(páxina 3)

"As experiencias estresantes como a que acabamos de vivir a causa da COVID-19 teñen un forte impacto no noso cerebro. Este non é capaz de procesalas ("dixerilas") como o resto de vivencias do día a día, pola elevada carga emocional que supoñen, polo que poden provocar tensión e malestar incluso unha vez que a situación xa terminou. Para poder axudar aos cerebros dos nenos e nenas a procesar este evento, a desenvolver unha maior resiliencia e a minimizar a posibilidade de futuros problemas é necesario:

Un estado de seguridade.

O relato coherente do ocorrido.





*"En moitos dos casos, os días vividos baixo a ameaza do contaxio non permitiron que se dese ese estado de seguridade necesario para sobrepoñernos á experiencia. Agora que os alumnos e alumnas volven á escola e se retoma a "normalidade" será máis complexo e poderá ser máis lento, pero está en mans do profesorado e das familias que a seguridade retorne canto antes
(Páxina 4)*

*"...consideramos a atención ao benestar emocional dos nenos, nenas e adolescentes como un obxectivo prioritario nun primeiro momento, a calquera outro tipo de acción curricular e deste xeito facilitar que o alumnado estea nas mellores condicións para poder dar resposta á vida tras o regreso ás aulas."
(Páxina 5)*

Tendo en conta as recomendacións deste documento, no CEIP de Pousada Carcacía, debemos ter moi presente algunhas :

- Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno á escola. Cada quen sentado no seu posto, sen acceso aos recunchos da aula, se exercer a responsabilidade de ser encargados...
- Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe
- Se sempre foi importante a relación familia-escola nesta situación pasa a ser extraordinariamente relevante. Establecerase comunicación telemática coas familias utilizando todas as ferramentas dixitais.
- Priorizar a saúde e o benestar emocional do noso alumnado e profesorado tentando transmitir ás familia confianza e posibilidades e verbalizar as súas incertezas e medos diante da volta ao centro escolar dos seus fillos e fillas.





V. INFORMACIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA NO PERÍODO PREVIO AO COMEZO DO CURSO ESCOLAR

Dende o CEIP de Pousada Carcacía realizaranse as seguintes comunicación coas familias antes do comezo do curso escolar polo correo electrónico, teléfono ou videochamada:

COMUNICACIÓNS A TODAS AS FAMILIAS DO CENTRO:

- Información Instrucións, calendario escolar...
- Envío Plan de adaptación á situación COVID-19.
- Envío normas de preparación de mochila e uso das máscaras
- Envío recomendación de máscaras: tipoloxía, uso, lavado...
- Convocatoria para realizar una proba coa aplicación Cisco Webs Meeting
- Envío vídeo titorial de utilización da aplicación Cisco Webs Meeting
- Envío da declaración responsable e cuestionario de autoavaliación diario.
- Envío da convocatoria de reunión de comezo de curso por videoconferencia

COMUNICACIÓNS ÁS FAMILIAS DO ALUMNADO DE NOVA ESCOLARIZACIÓN

- Envío da folla de recollida de datos
- Envío información do Proceso e calendario do Período de adaptación
- Invitación videoconferencia
- Entrevista por videoconferencia ou teléfono

REUNIÓN DO COMEZO DE CURSO POR VIDEOCONFERENCIA

- Data: martes 8 de setembro
- Modalidade. A distancia
- Temáticas:
 - ✓ Información Plan de adaptación á situación COVID-19
 - ✓ Información Plan de Contixencia
 - ✓ Plan de Acollida
 - ✓ Novas normas de funcionamento e organización
 - ✓ Aspectos máis destacados da Programación didáctica
 - ✓ Programación de Actividades complementarias





VI. ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN ED. INFANTIL

No proceso do Período de Adaptación no CEIP de Pousada Carcacía contémpanse 3 momentos diferentes, este curso moi modificados atendendo á situación excepcional por mor das medidas adaptadas á situación epidemiolóxica da COVID-19:

1º ENTREVISTA INDIVIDUAL TELEMÁTICA

- Coméntase a información da folla "recollida de datos na entrevista".
- Os nenos e nenas poden saudar no comezo da entrevista e logo recoméndase que se retiren.

2º ENTRADA PROGRESIVA

O xoves 10 a partires das 12:30h e o venres 11 a partires das 12:30h incorporárase ao recreo os 3 nenos de nova escolarización (non se incorporan nenas) do seguinte xeito:

- Deixarase no enreixado verde da escola nunha bolsa co nome do neno: o estoxo cos materiais ,os cadernos, unha muda e un paquete de toallíñas.
- Os acompañantes (debido á situación excepcional deste curso) so poden achegarse á porta principal situándose detrás da "banda de distancia social" e si é posible despídense atendendo á actitude que manifeste cada neno ou nena
- Unha profesora invitará a cada neno a entrar no patio.
- Os acompañantes poderán quedar, se así o consideran, **fóra do recinto escolar moi lonxe do enreixado do patio** pero poderán se o consideran preciso observar e "acompañar na distancia" con saúdos, bicos voadores.....Este curso é a única posibilidade de acompañamento que podemos ofertar para dar seguridade aos menos.
- No caso de que o neno se manifeste moi contrariado, moi reticente a entrar e siga sendo necesario o acompañante para dar seguridade podedes saír do recinto escolar co neno e pasear con el de maneira que dende o exterior poida observar o patio pero tendo en conta que os adultos teñen que **permanecer moi lonxe do enreixado do patio escolar**.

A partires do luns 14 ata o mércores 30 manteremos esta dinámica. Isto é sempre a incorporación a partires das 12.30h e sempre que sexa posible no patio escolar.

3º HORARIO ESCOLAR COMPLETO

A partires do **xoves 1 de outubro** comezaremos o horario escolar completo. Non é posible atendendo a orde de calendario escolar prolongar máis o período de adaptación.

Polo tanto, trátase dunha proposta do período Adaptación que logo terase que axustar ás necesidades e manifestacións de cada neno en particular e das circunstancias de cada familia co fin de realizar unha proposta individualizada adecuada a cada cativo que permita superar con éxito o Período de Adaptación na aula de Ed. Infantil, pero en ningún caso neste curso adiantaremos á incorporación ao horario escolar completo isto é **a entrada progresiva manterase ata 30 de setembro** dadas as circunstancias excepcionais deste curso (sen xoguetes, sen areeiro, sen parque infantil...)





VII. ACCIÓNS PRIORITARIAS NOS PRIMEIROS DÍAS DO CURSO


Nas primeiras semanas do mes de setembro será prioritario realizar co alumnado:


- Por en marcha a aula virtual
- Por en marcha as tabletas con Snappet
- Por en marcha na aula virtual o curso "Plan de Acollida" para comprender os carteis, sinalización e o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene e uso da máscara.
- Deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa
- Propoñeranse actividades formativas, actividades lúdicas, xogos ...que estarán incluídos no proceso de aprendizaxe das normas de hixiene e protección que se contemplarán no curso "Plan de acollida" da aula virtual e que se realizarán durante o curso. Traballaranse de maneira lúdica, en diferentes momentos da xornada lectiva, aspectos relativos ao lavado de mans, comprensión da cartelería, o sentido de circulación atendendo á sinalética horizontal...
- Avaliación Inicial








REFERENCIAS LEGISLATIVAS E OUTROS DOCUMENTOS


-  ORDE do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia


-  Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021
(Versión 22-07-2020)


-  Instrucións do 30 de xullo 2020, da dirección Xeral de Educación, formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato


-  ORDE do 27 de agosto de 2020 sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.


-  Instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia para o curso 2020-2021 2020-2021
(Versión 31-08-2020)


-  Resolución do 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establece a incorporación gradual do alumnado para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

-  Cartelería COVID-19

-  Guía resumo Protocolo Covid-19 curso 2020/2021

-  Modelo declaración responsable familias

-  Programa psicoeducativo para a post-emerxencia en centros educativos de Ed. Infantil e Primaria Colexio Oficial de Psicología de Galicia

-  Plan de adaptación á situación COVID-19 do CEIP de Pousada Carcacía

